

Configuración do directorio LDAP en Thunderbird

- [Configuración do directorio LDAP da Universidade de Vigo en Thunderbird](#)
 - [Definir un directorio LDAP a usar en Thunderbird](#)
 - [Configurar a redacción de mensaxes para que busque as direccións no directorio LDAP](#)

Configuración do directorio LDAP da Universidade de Vigo en Thunderbird


A libreta de direccións de Thunderbird permite empregar o directorio de direccións de correo da Universidade de Vigo de xeito que poidamos buscar direccións que non coñezamos de xeito manual ou automatizado ó redactar as mensaxes. As búsquedas poden facerse por nome, apelidos, descrición ou conta de correo.

⚠ *Non aparecerán nestas búsquedas todas as contas de correo, só aquelas para as que o usuario non indicase que a conta non pode ser visible no directorio. Por defecto e se o usuario non indica nada, os datos básicos (nome, apelidos, ubicación, dirección de correo) son visibles para usuarios autenticados ou ubicados na rede de datos da Universidade de Vigo.*

Definir un directorio LDAP a usar en Thunderbird

1. Obter as credenciais de conexión o directorio LDAP

⚠ Dado que estes datos permiten o acceso a listados de direccións de correo da Universidade de Vigo non podemos publicar estas credenciais de xeito aberto. Por outra banda, para evitar malos usos cada usuario ten unhas credenciais que pode empregar para autenticarse, e que pode consultar na páxina de modificación e activación de contas en <https://login.uvigo.es/portal/>. O usuario para conectarse é da forma "idnc=.....,ou=Usuarios,dc=uvigo,dc=es", sendo o contrasinal empregado o mesmo que emprega para ler o correo, polo que é importante que empregue un acceso cifrado ó directorio (porto 636 TCP, SSL)



The screenshot shows a web browser window with the URL <https://login.uvigo.es/public/>. The page title is "Acceder" and it includes language options: "Español | English | Galego". The main heading is "Universidade de Vigo" followed by "Modificación das características das contas de usuario" and "Activación e cambio de contrasinal". A prominent "ACCEDER" button is visible. Below this, there is a section titled "Que é?" which explains that users can modify their account characteristics, activate their account, or change their password. A "Como funciona?" section lists three authentication methods: 1) using a complete user account (e.g., usuario@uvigo.es) and password, 2) using NIU (National Identity Unit) data (NIU, password, DNI), and 3) using a digital certificate (Certificado dixital). The NIU and digital certificate icons are shown as small images.

Español | Català | English | Galego

Universidade de Vigo

Identificación de usuario

Autenticación centralizada

USUARIO

CONTRASINAL

ACEPTAR

Esquecín o meu contrasinal

OUTROS MEDIOS DE AUTENTICACIÓN




Unha vez que se autentique non será necesario identificarse de novo para acceder a outros recursos.
 Para desconectarse, recomendamos que peche o seu navegador (pechando todas as xanelas).

Precisa Axuda? | Información


Acceso ó directorio LDAP para consulta

Usuario e contrasinal para consulta do directorio


Este usuario e contrasinal son os que debe empregar se quere utilizar o directorio LDAP dende un cliente de correo como se indica en [esta páxina](#).

Directorio LDAP Porto Base de búsqueda (base DN) Usuario (bind DN) Contrasinal (bind password)	ldap.uvigo.es 636 (LDAPS) ou=Usuarios,dc=uvigo,dc=es idnc=_____,ou=Usuarios,dc=uvigo,dc=es <i>O mesmo que empregue para ler o correo.</i>
--	---


2. A configuración das libretas de direccións faise no apartado "Direcciones" de Thunderbird:




3. Aparecerá a xestión de libretas de direccións, que se fai nunha fiestra separada:




4. Seleccionar "Archivo -> Nuevo -> Directo" Aparecerá un cuadro no que nos pedirá os datos de conexión ó directorio LDAP




5. Por defecto e para evitar retardos no acceso á libreta de direccións, esta devolve como moito 100 resultados para unha búsqueda, pódese modificar este límites nas opcións "Avanzadas", pero é preferible empregar búsquedas máis axeitadas en non poñer un límite grande, para que a axilidade no funcionamento do cliente de correo sexa a esperada




6. O directorio LDAP xa definido aparecerá entre as libretas de direccións de Thunderbird. Para usalo compre que no cadro da parte superior esquerda indiquemos unha cadea a buscar (dirección de correo, nome, descrición).



Esa primeira vez pediranos un contrasinal, que será o que corresponde ás credenciais de conexión ó LDAP e preguntará se queremos recordar este contrasinal, indicar que sí:



7. O que amosará despóis dunha búsqueda será similar a isto:




Configurar a redacción de mensaxes para que busque as direccións no directorio LDAP

Algo que pode resultar útil é configurar Thunderbird para que busque as direccións de correo automaticamente no directorio LDAP, de xeito que cando redactemos unha mensaxe e comencemos a introducir unha nova dirección que non esté presente na nosa libreta de direccións o cliente de correo busque posibles destinatarios no directorio LDAP.

Para configurar isto:

1. Na configuración xeral de Thunderbird (barra superior) ir a "Herramientas -> Opciones"

2. No cuadro que se abre, ir a "Redacción" e dentro de esta, seleccionar a pestaña "Destinatario":
Seleccionar en "Al enviar mensajes, buscar entradas coincidentes en:", a opción "Servidor de directorio:" e dentro do desplegable seleccionar o servidor definido anteriormente.



3. Agora, cando redactemos unha mensaxe, Thunderbird buscará automaticamente as direccións que non coñeza no directorio LDAP cando comencemos a introducilas:

